


Guía adaptada da Illa de Cortegada

Guía



Información



Illa



Esta guía está adaptada para unha lectura fácil.
A lectura fácil é un método de adaptación e redacción de textos.
A lectura fácil axuda a entender
textos a persoas con dificultades de comprensión.
Esta guía segue as pautas de lectura fácil.
Esta guía ten unha estrutura de textos e unha linguaxe adaptada e sinxela.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

RED DE
PARQUES NACIONALES



Bata

¿Que é a Illa de Cortegada?

A Illa de Cortegada é un espazo natural no que viven moitos seres vivos no seu ambiente natural. Este espazo é único pola variedade de árbores e plantas que hai neste lugar.

Esta guía pódete axudar se queres visitar a illa. Nesta guía tes información, recomendacións e normas en lectura fácil que axudan a gozar da Illa de Cortegada.




Illa de Cortegada

1. ¿Onde está a Illa de Cortegada?

A Illa de Cortegada está no pobo de Carril, no Concello de Vilagarcía de Arousa. A Illa de Cortegada pertence ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas. Cortegada é un conxunto de illas que está formado por:

- Illa de Cortegada
- Illa de Briñas
- Illa de Malveira Grande
- Illa de Malveira Chica
- Illote de O Con

A unión de todas estas illas é o arquipélago de Cortegada. A única illa que podes visitar é a Illa de Cortegada. A Illa de Cortegada é a illa máis grande en comparación con todas as illas que forman o arquipélago



Localización

2. ¿Que hai na Illa de Cortegada?

Cando visitades a Illa de Cortegada podedes ver animais e vexetación. Os animais e a vexetación da Illa de Cortegada están protexidos.

- ¿Que animais viven en Cortegada?

• Na Illa de Cortegada podes ver aves:

Unha das aves máis destacadas da Illa é o corvo mariño mouro.

Na Illa de Cortegada hai aves acuáticas como a gaivota de patas amarelas, a garza real e outras moitas aves que viven no mar. Outras aves que viven na illa son a andoriña, o mosquiteiro común e o papamoscas negro.

As persoas que visitan a Illa poden pedir ao guía turístico máis información sobre as distintas aves.

• Na Illa de Cortegada hai réptiles e anfibios:


Os réptiles son animais que se moven polo chan coa súa barriga. Os anfibios son animais que viven na terra e na auga.

As persoas que visitan Cortegada poden ver anfibios e réptiles como a lagarta común, o liscanzo de 5 patas e o sapo pinto ibérico.

• Na Illa de Cortegada hai animais mamíferos:

Os animais mamíferos son un tipo de animais cunha característica común.

Cando estes animais son pequenos maman o leite de súa nai. O xabaril, o morcego, o coenllo e a toupeira son animais mamíferos que viven en Cortegada.



Animais



Réptil



Xabarín

Pregunta ao guía turístico para ampliar información sobre outros animais mamíferos que viven na illa.
As persoas que vivían en Cortegada comían outros animais mamíferos como as vacas e as ovellas.
Na auga que rodea a Cortegada podes ver animais mamíferos que viven na auga como os arroaces ou as lontras.

• **Na illa hai peixes e crustáceos.**

Os crustáceos son animais que teñen un recubrimento que lles cobre a cabeza e parte do seu corpo.
As ameixas, as navallas e os berberechos son crustáceos que viven na auga da Illa de Cortegada.

Moitas persoas de Carril e da contorna traballan no cultivo da ameixa.

En Cortegada hai moitos tipos de ameixa pregunta ao guía turístico para ter máis información sobre os crustáceos.

Na illa tamén hai moitos peixes como a lamprea, o linguado e a anguía.




Ameixas

- ¿Cal é a vexetación da Illa de Cortegada?

O bosque flotante é outra forma de chamar á Illa de Cortegada.
A Illa de Cortegada tamén ten ese outro nome porque ten moita vexetación.

Na Illa de Cortegada está o bosque de loureiro máis grande de Europa.

Moitos loureiros da Illa de Cortegada miden 13 metros.
Tamén dentro da illa hai zonas de árboreda con piñeiros mansos, eucaliptos, carballos e plátanos.
Os xardineiros eliminaron moitos eucaliptos da illa.



Prantas

O eucalipto impide que vivan outro tipo de árbores propios da illa. Os xardineiros retiraron a poda dos eucaliptos de Cortegada nun carro de bois para protexer o medio ambiente e non empregar barcos que contaminan a Illa de Cortegada. A Illa de Cortegada é un dos lugares de Galicia con máis variedade de cogomelos e champiñóns. Pregunta ao guía turístico para ampliar máis información sobre os distintos tipos de vexetación da illa.



Cogomelo

- ¿Cal é a importancia histórica da Illa de Cortegada?

A Illa de Cortegada está nunha das variantes do Camiño de Santiago. Esta variante chámase Mar de Arousa. Na Illa de Cortegada hai moitas construcións antigas de gran valor.

· Na Illa de Cortegada está a Ermida da Virxe dos Milagres.

O pobo de Cortegada construíu a ermida no ano 1334 no centro da aldea.

Moitas persoas peregrinaron á ermida, esas persoas pensaban que a Virxe dos Milagres sandaba aos doentes.

Moitas das persoas que visitaban a ermida estaban doentes. Esta situación provocou o perigo de enfermidades aos habitantes da illa.

No ano 1652, a igrexa católica cambiou a ermida de lugar e separou a ermida da aldea cara o lugar no que se atopa agora.

Ao carón da actual Ermida dos Milagres había un hospital no que curaban ás persoas doentes. Deste hospital quedan uns poucos restos da construción.



Ermida



Ermida

• **Na Illa de Cortegada hai tres cruceiros:**

- O cruceiro que está xunto á ermida
- O cruceiro de Punta Corveiro.
- O Cruceiro que esta na Illa de Malveira Grande.

• **Na Illa de Cortegada hai unha aldea.**


A aldea da Illa de Cortegada está situada na zona na que hai menos vento e na que dá máis o sol. Os habitantes de Cortegada viviron na illa ata que o terreo foi doado a Alfonso trece que era o rei de España nese momento.

• **Na illa de Cortegada hai un cuartel da garda de asalto.**


O cuartel é unha construción en pedra cunha porta en forma de arco. As autoridades controlaban a entrada dos barcos na Ría de Arousa. Este cuartel está en ruínas e cuberto pola vexetación.

- ¿Que servizos hai na illa?

Na illa hai unha caseta de información.
Na illa hai baños.
Os baños están nunha caseta de madeira, detrás da caseta de información.



Cruceiro



Cuartel




Caseta dos baños

3. ¿Como chegas á Illa de Cortegada?

Podes ir á Illa de Cortegada en barco, kayak ou andando.
Podes buscar información de como chegar á Illa de Cortegada no Concello de Vilagarcía.

O Concello de Vilagarcía está na Praza da Ravella, número 1.
Tamén podes mirar a súa páxina web que é <http://www.vilagarcia.es/> ou chamar ao número de teléfono 986 09 92 00.

A segunda opción é ir á Oficina de turismo.
A oficina está na Avenida da Mariña,
número 28 en Vilagarcía de Arousa.
Os teléfonos son 986 50 12 27 e 647 78 34 69



Viaxe de ida



4. ¿Como te desprazas pola Illa de Cortegada?

Na Illa de Cortegada hai dúas rutas de sendeirismo.

A ruta de sendeirismo A é a ruta máis longa.

A ruta de sendeirismo B é a ruta máis curta.

En xeral os camiños que hai na illa son de dificultade baixa pero non é fácil camiñar, se a persoa que visita a illa ten dificultades para andar.

- Ruta de Sendeirismo A:

Esta ruta percorre toda a illa pola parte máis próxima ao mar. A distancia da ruta é de tres quilómetros entre o principio e o final.

Esta ruta de sendeirismo ten un percorrido circular que rodea toda a illa.

O principio e o final da ruta son o mesmo.

Esta ruta de sendeirismo dura unha hora e quince minutos.

Nesta ruta podes ver as mesmas paradas da ruta B e a maiores podes ver o cruceiro de Punta Corveiro.

- Ruta de sendeirismo B:

Esta ruta percorre a metade da illa polo interior da illa.


A distancia da ruta é de dous quilómetros.

A ruta comeza na Ermida da Virxe dos Milagres e remata na caseta de información.

Nesta ruta de sendeirismo hai cinco paradas interesantes onde é importante coñecer a seguinte información:

- Parada número 1, na Ermida da Virxe dos Milagres:

Nesta parada podes ver a Ermida da Virxe dos Milagres e un dos cruceiros da illa.



Ruta de sendeirismo



Señal
ruta de sendeirismo



Miradoiro

- Parada número 2, no miradoiro da Ría de Arousa:

Nesta parada ves a Ría de Arousa e a zona do Barbanza e do Salnés.
Tamén podes ver a Illa Malveira Grande,
A Illa de Malveira Chica e o Illote de O Con.

- Parada número 3, no Bosque.

O bosque medrou por toda a Illa de Cortegada
cando os seus habitantes deixaron de vivir alí.
Despois desta parada hai un cruce de camiños.

Neste cruce podes continuar pola ruta de sendeirismo A
na que ves a costa da illa,
ou seguir a ruta de sendeirismo B polo interior da illa.
Os dous camiños rematan no mesmo punto.

- Parada número 4, na Praia.

Nesta parada están os bancos de marisqueo
que é o lugar de traballo de moitos mariscadores e mariscadoras
da zona do Salnés e do Barbanza.


As mariscadoras son profesionais que cultivan o marisco.
As zonas de marisqueo están sinalizadas
cuns paus de madeira.

Dende a praia podes ver o pobo de Carril e o Camiño do Carro.
O Camiño do Carro é un camiño polo que as persoas
cruzan a pé dende o pobo de Carril á Illa de Cortegada
cando a marea está baixa.

- Parada número 5, ruínas da aldea de Cortegada.

Nas ruínas da aldea de Cortegada
hai bebedoiros que son pías onde beben os animais.
Nas ruínas da aldea hai fornos de pedra e faladoiros.

Os faladoiros son bancos de pedra
construídos debaixo das fiestras, onde falaban os veciños.



Bosque



Mariscadoras



Aldea

5. ¿Onde conseguir información na Illa de Cortegada?

Na Illa de Cortegada sempre hai un vixiante, que é o que controla a entrada e saída de visitantes. Tamén axuda a que se cumpran as normas da illa e resolve as dúbidas que teñen mentres están na illa. O vixiante ás veces está na caseta de información.

Na entrada da Illa, ao baixar do embarcadoiro, tes un panel con información.
A caseta de información está detrás deste panel.

Neste panel tes información sobre as rutas de sendeirismo, tamén tes información dos sitios máis importantes da illa e as normas que debes cumprir mentres estás na Illa de Cortegada.



Información

6. ¿Que normas hai que cumprir na Illa de Cortegada?

As persoas teñen que cumprir as normas mentres están na illa. Cumprir as normas axuda a conservar a illa.

As normas da illa son a s seguintes:

- Na illa está prohibido tirar lixo ao chan.
- Os visitantes da illa teñen que levar a súa propia bolsa para tirar o lixo.
- Na illa non hai contedores nin papeleiras.
- Na illa está prohibido arrincar flores e plantas porque serven de comida aos animais da illa.
- Na illa está prohibido tirar cabichas.
- Na illa está prohibido levar as cunchas da praia.
- Na illa está prohibido colocar unha tenda de campaña e durmir nela.
- Na illa esta prohibido levar animais.
- Na illa está prohibido facer barullo ou molestar aos animais.
- Na illa está prohibido acender lume.
- Na illa está prohibido andar fóra das rutas sinaladas.
- Na illa está prohibido pescar.
- Na illa é necesaria a autorización do Parque Nacional para amarrar un barco, navegar ou mergullar.



Normas

7. ¿Como podes saír da Illa de Cortegada?


O sitio de saída da illa
é polo mesmo embarcadoiro polo que entras.

As persoas que visitan a illa teñen que chegar
á hora fixada coa empresa
que fai o transporte ao pobo.

Lembra levar todo o teu lixo.
Unha forma de axudar a conservar a illa,
é recoller o lixo que atopas
mentres visitas a illa.

As persoas que visitan a illa axudan á súa conservación
respectando as normas establecidas.
As persoas que visitan a illa deben levar roupa, calzado cómodo
e Documento Nacional de Identidade.

Na illa non hai bares.
As persoas que visitan a illa poden levar comida e bebida.



Viaxe de volta



Guía adaptada da Illa de Cortegada



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA



Bata